

PLAN DE EMERXENCIA

COMPETENCIAS DO PROFESORADO DE AULA

Cada profesor/a **titor/a** informará ao alumnado coa debida antelación dos pormenores e obxectivos que se pretenden coa realización do **simulacro** e daralles as oportunas instrucións

- Cada profesor/a no momento de se producir a **evacuación** organizará a estratexia de saída da aula do seu grupo, encargando ao alumnado máis responsable a realización de certas funcións, a saber:

Non se debe abandonar a aula até que deixe de soar o timbre (series de 3 toques durante 45 segundos).

Pechar xanelas

Contar o número de integrantes do grupo

Controlar que non se leven os obxectos persoais para evitar demoras e obstáculos

Axudar ao alumnado con dificultades motrices

Aquelas outras que considerar precisas para un bo desenvolvemento da evacuación

PLAN DE EMERXENCIA

- Cada profesor/a revisará que todo fiquese pechado, alén diso deberá ter en conta que :

Será a última persoa en saír.

- Fóra da aula:

Levará ao alumnado en fila e ordenadamente pola ruta preestablecida (nos corredores hai frechas que sinalan por onde evacuar que coinciden coas que hai en cada aula).

Respectará a orde de saída

Non se permitirá o regreso á aula baixo ningún concepto.

Acompañará ao grupo até o lugar de reunión (sinalado no plano que hai na aula), onde procederá a realizar un **reconto** e comunicará aos responsables as posibles novidades.

- Se houber fume:

A evacuación realizarase a ras de chan.

-Todo o profesorado participante pode achegar os seus comentarios e a súa avaliación do proceso, ben persoalmente, ben vía correo electrónico.